




Area / Unidade COMERCIO BBG	Documento 51018I006K	
Código de verificación  1L16 6F19 284G 4W28 0L20	Expediente 510/2024/2	
	Data 05-06-2024	

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACIÓN UNIÓN DE COMERCIOS CORUÑESA - FUCC - PARA CONTRIBUÍR AO SOSTEMENTO DA FEDERACIÓN E APOIO ÁS ASOCIACIÓN S DE COMERCIANTES DA CIDADE, NO ANO 2024.

REUNIDOS

Dunha parte, dona Inés Rey García, en nome e representación do Concello da Coruña con CIF P1503000J, na súa condición de Alcaldesa Presidenta.

E doutra, don José Luís Boado López, en calidade de Presidente da Federación Unión de Comercios Coruñesa (FUCC), con NIF G70309752 e domicilio social na rúa Manuel Azaña, 9-entrepanta esquerda (15011) A Coruña.

Os intervinientes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

I. Que o Concello da Coruña, en virtude do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos expostos no artigo 25 da citada norma.

II. Que a Federación Unión de Comercios Coruñesa (en diante FUCC) é unha entidade sen finalidade lucrativa algunha, que ten entre os seus fins estatutarios a promoción e defensa das súas asociadas, así como establecer servizos comúns de carácter técnico, informativo, xurídico, económico, social e de calquera outra índole que sexan necesarios ou que conveñan para a mellor atención das federadas e da federación.

III. Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo a beneficiaria cumprir os deberes materiais e formais que se estableceron, e que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

IV. Que o Concello da Coruña entende prioritario o desenvolvemento de actuacións de fomento e promoción da cidade, entre as que se atopan o desenvolvemento de actividades de dinamización comercial e de promoción das asociacións de comerciantes da Coruña, así como a promoción do comercio de proximidade da cidade como motor de impulso da economía local e de xeración de emprego na Coruña e en consecuencia o orzamento municipal para 2024 recolle na aplicación orzamentaria 61.430.48950, unha subvención de carácter nominativo a favor da FUCC de 150.000,00 euros coa finalidade de apoiar, por unha banda, o funcionamento da Federación Unión de Comercios Coruñesa a través da contratación de persoal e alugueiro de local destinado ao funcionamento da entidade, entre outros, e, doutra banda, apoiar o desenvolvemento de actividades de dinamización comercial nos diferentes ámbitos territoriais das asociacións de comerciantes da Coruña, legalmente constituídas, que estean asociadas á Federación, con ata 6.000,00 euros por cada proxecto/actividade desenvolvido/a nos devanditos ámbitos.

Este importe poderá ser incrementado en ata 2.000,00 euros, se non se esgota o importe previsto para o total de actividades desenvolvidas no ámbito territorial das asociacións citadas, segundo se indica no presente convenio (cláusula oitava).

As diferentes propostas de actividades de dinamización comercial deberán ser validadas por unha comisión mixta composta por persoal técnico da área municipal de comercio do Concello da Coruña e por persoal técnico da FUCC.

No caso de que, coas propostas de actividades de dinamización, non se esgotase a contía destinada á dinamización comercial no ámbito territorial das asociacións de comerciantes dos diferentes barrios da cidade (100.000,00 euros), a FUCC poderá ou ben incrementar na contía ata 2.000,00 euros por zona de actuación e/ou ben destinar os fondos sobrantes ao desenvolvemento de actividades de dinamización comercial dirixidas á promoción do comercio na cidade.

V. Que a LXS dispón, no seu artigo 22.2, que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nomeadamente nos orzamentos das Entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

VI. Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a pedimento da entidade interesada, a FUCC, a requirimento municipal, presentou, a través da sede electrónica do Concello da Coruña, en data 09.04.2024, a documentación necesaria para a subscripción do convenio no que solicita a cantidade de 150.000,00 euros para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio.

Polo exposto, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, as dúas partes acordan a firma do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración económica entre o Concello da Coruña e a FUCC co fin de contribuír á dinamización comercial nos diferentes ámbitos territoriais das asociacións de comerciantes da Coruña, legalmente constituídas, que estean asociadas á FUCC, así como ao sostemento da FUCC a través da contratación de persoal e outros gastos.

SEGUNDA.- Normativa Reguladora

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola LXS e o seu regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento



Concello da Coruña

Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

TERCEIRA.- Deberes do Concello

O Concello comprométese a achegar á FUCC a cantidade de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 euros), con cargo á aplicación 61.430.48950 do orzamento en vigor.

CUARTA.- Deberes da entidade beneficiaria

A FUCC comprométese ao seguinte:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, nas condicións que se contemplan na memoria presentada no momento de solicitude do convenio, (que deberá incorporar os indicadores da actividade e do resultado que se aplicarán ao seguimento e posterior xustificación da actividade ou proxecto subvencionado), xunto co balance de actividade (ingresos e gastos) ou orzamento.

Os indicadores e o modo de avaliar as actividades e resultados especificados pola FUCC na súa solicitude son:

- Impacto en redes sociais (interaccións, visualizacións...)
- Asistencia presencial ás actividades segmentadas por rango de idade
- Número de actividades de dinamización realizadas
- Auditoría externa

- No caso de que non sexa posible porque non se execute a actividade, proceder á renuncia expresa da mesma.

- Destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña á finalidade contemplada na Memoria presentada, que se desenvolverá no exercicio 2024.

- Presentar a documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos nas cláusulas deste Convenio.

-Nos casos que corresponda, a entidade entregará diploma acreditativo das accións formativas realizadas.

- Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes, desde a notificación da concesión da subvención, na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>, calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.

- Comunicar ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

- Solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.

- Cumprir co disposto nos artigos 31 a 34 (uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipo) e no artigo 42 (subvencións públicas) da Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade (BOP núm. 204, do 25 de outubro de 2019).

- Cumprir co disposto na Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP núm. 116, do 22 de Xuño de 2021) e máis concretamente nos seus artigos 2, 4, 6, 7, 8.

- Cumprir cos demais deberes impostos pola LXS e as demais normas de aplicación.

Todas as actuacións desenvolvidas pola FUCC serán obxecto de seguimento polo persoal técnico do Servizo municipal de Turismo, Mercados Comercio e Hostalería, polo que a FUCC someterase a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española e ao mesmo tempo, calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. (artigo 14.1.c da LXS).

QUINTA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.

En relación co art. 32 do Regulamento da LXS, enténdese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda de conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que pase o custo total da actividade, de conformidade co art. 32.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que estableza a normativa reguladora das ditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no art. 34 do Regulamento da LXS, se é compatible esta achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, e aquelas fosen compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención outorgada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicte o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

SEXTA.- Gastos subvencionables

1.- Consideráanse gastos subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade subvencionada, se realicen durante o exercicio 2024 e estean efectivamente pagos antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula décima deste convenio.



En particular, considéranse gastos subvencionables aqueles que, ademais de recollese expresamente na solicitude, respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, tales como:

- Gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto de subvención. Dentro deste importe inclúense os gastos de soporte e das actividades propias indicados na cláusula oitava.
- Dentro dos gastos de soporte da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención inclúense un máximo de 6.000,00 euros (IVE incluído) que terán a consideración de gastos xerais indirectos que non precisarán de xustificación documental.
- Serán igualmente subvencionables os gastos de auditoría a que se refire o artigo 74 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cun máximo de 2.000,00 euros (IVE incluído).
- Serán subvencionables os gastos de constitución e mantemento de avais cando estes sexan expresamente constituídos para garantir os anticipos da subvención solicitada.

2.- Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable, os gastos financeiros xerados por anticipos bancarios ou análogos, nin os realizados fóra dos prazos de execución do convenio ou pagos fóra do prazo de xustificación. Os gastos de desprazamento pagos a traballadores por conta propia ou particulares alleos á entidade pagadora só serán subvencionables cando se xustifiquen coa correspondente factura.

3.- Os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistras e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se trate de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

4.-O Departamento de Consumo, Mercados e Comercio, nos supostos de contratación dos seguintes servizos, ten como referencia os seguintes valores obtidos a partir da media de prezos de licitación de servizos similares contratados:

- Custo/hora da formación presencial: o valor de 53,00 euros/hora (máis IVE, no seu caso).
- Custo/hora da formación a distancia: o valor de 40,00 euros/hora (máis IVE, no seu caso).
- Custo/hora de accións de mentoring, asesoramento, consultoría: o valor de 55,00 euros/hora (máis IVE, no seu caso).

Unicamente se admitirán xustificacións superiores ás anteriormente indicadas cando así conste expresa e motivadamente na solicitude de subvención/convenio.

Estas circunstancias deben xustificarse en atención á especial idoneidade ou especialidade do perfil da persoa que imparta as accións ou formacións, debendo igualmente acreditarse os prezos de mercado que se aleguen contraditoriamente.

5.- En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

6.- Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

7.- En ningún caso, a entidade beneficiaria poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas con ela, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións de mercado
- Que se obteña a previa autorización expresa do Concello da Coruña do seguinte modo:

- A entidade beneficiaria deberá solicitar autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada.
- O Concello da Coruña deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou subministracións que poden ser obxecto de contratación

8.- A posibilidade de subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 29 da LXS. Poderase subcontratar ata o 50% da actividade subvencionada. Con todo, o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior, e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada, agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade, que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o custo previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización expresa polo órgano concedente da subvención e que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, valorarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o cal se concedeu a subvención.

SÉTIMA.- Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor da entidade beneficiaria e o pago da achega realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación, nos termos establecidos neste Convenio. Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 37 da LXS.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que se presentase a documentación requirida, archivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.

Tamén se poderán realizar pagos anticipados, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

O pago anticipado polo importe da subvención concedida deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía de ata un 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago polo Concello, xa sexa sobre o primeiro pago anticipado ou sobre varios ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.



Non poderá realizarse o pago da subvención á entidade beneficiaria en tanto non se estea ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de orixe de reintegro.

Neste sentido, sinalar que, de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento inicial ou, no seu caso, ao reformulado, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, ata o límite do 50%. No caso de que se xustificase un gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado inicial, ou no seu caso reformulado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonará ningunha cantidade ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención.

OITAVA.- Execución do convenio

1. A execución e xustificación do presente convenio corresponderá á FUCC quen procederá á utilización, con carácter exclusivo durante o tempo de duración da execución e xustificación do proxecto, dunha única conta bancaria onde se fará fronte aos deberes derivados das actuacións encomendadas no presente convenio (excepto os pagos das retencións do IRPF e as cotas da Seguridade Social do persoal asignado ao proxecto, que se poderán seguir facendo efectivos na conta habitual), e que quedará afectada ás mesmas. Na devandita conta ingresaranse a achega do Concello da Coruña e calquera outra que derive da execución do presente convenio.

A FUCC xustificará ante o Concello da Coruña a existencia da conta, e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme os principios dunha clara e correcta xestión financeira.

2. A execución do convenio axustarase ás seguintes especificacións ou regras:

- Máximo de 50.000,00 euros para gastos de soporte da entidade en concepto de persoal, alugueiro entre outros.
- Resérvase inicialmente a cantidade de 100.000,00 euros para actividades de dinamización comercial propostas polas asociacións de comerciantes ata un máximo de 6.000,00 euros por ámbito territorial de cada asociación. No caso de que este importe non se esgotase coa presentación de propostas de actividades de dinamización no prazo sinalado pola FUCC, esta poderá incrementar o importe dedicado a cada proposta ata un máximo de 2.000,00 euros, ascendendo por tanto a contía máxima a destinar ás propostas de cada ámbito territorial a 8.000,00 euros.
- Se existise en calquera caso un sobranche, a FUCC poderá dedicalo a actividades de dinamización comercial e/ ou ao desenvolvemento de actividades de formación destinadas ao comercio de proximidade.
- As actividades propostas a desenvolver en cada ámbito territorial deberán ter previa validación do grupo mixto formado por persoal municipal e persoal técnico da FUCC.

- Desenvolvemento de actividades de promoción e dinamización comercial dirixidas a toda a cidadanía, no caso de non esgotar o crédito destinado ao desenvolvemento de actividades realizadas no ámbito territorial das asociacións comerciais da cidade.

NOVENA.- Prazo de execución.

As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo para a execución das accións comprenderá desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano en curso. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do referido período.

DÉCIMA.- Xustificación

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses desde a finalización da vixencia do convenio, a FUCC deberá presentar na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal> a seguinte documentación para os efectos de xustificación do convenio:

- Impreso de solicitude de xustificación segundo modelo establecido para o efecto, que incluíra unha declaración responsable e unha relación da documentación que se achega para a xustificación.
- Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grao de cumprimento de obxectivos. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada, que incluíra as evidencias documentais e gráficas necesarias.
- No caso de desenvolver accións de formación acreditaranse polo menos, os seguintes aspectos:
 - Descrición das accións formativas, de ser o caso.
 - Descrición das tarefas realizadas e distribución mensual do tempo dedicado polo persoal técnico implicado.
 - No seu caso, control de asistencia do alumnado a través dunha ficha de sinaturas que incluíra ademais a sinatura da persoa responsable da acción.
 - No seu caso, ficha de entrega de material (manual formativo, bolígrafos, cartafol,...), con data e sinatura do alumnado que o recibe e do persoal técnico responsable da entrega.
 - Copia dos manuais formativos no formato que se estima oportuno.
 - Valoración docente individualizada do alumnado, se procede.
 - Cuestionarios de avaliación da satisfacción do alumnado (valoración da calidade) en cada acción formativa.
- Indicadores de realización da actividade: valor obxectivo previsto, valor alcanzado e porcentaxe de consecución.

Sen prexuízo de indicadores concretos directamente relacionados coa actividade de que se trate, poden ser tidos en conta a título de exemplo, os seguintes: número de persoas beneficiarias estimadas do proxecto/acción, número de asistentes estimados, perfil das persoas beneficiarias, número de actividades realizadas, número de consultas web...

- Balance de actividade (ingresos e gastos) realizados con motivo da actividade subvencionada, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado.
- Para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado, acompañarase coa xustificación o cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, no caso de que neste se observen desviacións, cubrirase o seu informe de xustificación.

Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviacións á baixa entre o



Concello da Coruña

balance e o orzamento inicial presentado, producírase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que pase o custo total da actividade.

- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, nº de documento, data de emisión, importe, concepto e data de pago.
- Xustificárase preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio, admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. O total das facturas presentadas deberá coincidir co sumatorio total reflectido na relación detallada de xustificantes de gasto.

Estas deberán incluír unha descrición dos bens ou servizos que se facturan de forma clara e precisa, que permita apreciar a vinculación coa actividade ou, na súa falta, unha memoria de cada unha das facturas que detallen os bens e/ou servizos facturados.

As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan os deberes de facturación.

Considerando que a tramitación será exclusivamente electrónica, non será necesario o estampillado das facturas orixinais. Con todo, o estampillado deberá realizarse se en actuacións de comprobación polo servizo xestor, auditoría ou control financeiro así fose requirido, indicando a orixe do financiamento, así como a porcentaxe da subvención do Concello da Coruña que se imputa ás mesmas.

As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade, programa, proxecto ou actuación subvencionada aínda cando o importe da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial.

- Cando o importe facturado sexa inferior a 400,00 euros, IVE incluído, en calquera tipo de operación, ou cando sexa inferior aos 3.000,00 euros, IVE incluído, nas operacións contempladas no artigo 4.2 do Real Decreto 1619/2012, admitírase a factura simplificada, aínda que esta factura debe incluír o destinatario/a, que será en todo caso a entidade beneficiaria da subvención.
- Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o pago a través de copia do extracto bancario cando o pago se realiza a través de transferencia, copia do cheque bancario cando se realice a través de cheque, neste último caso debe achegarse igualmente extracto ou movemento bancario.
- Non se admitirán pagos en efectivo. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor das persoas acreedoras por razón do gasto realizado ou coa entrega ás mesmas dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.
- Certificación da Secretaría, co Vº e prace da Presidencia, acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada, con independencia do seu reflexo no balance.
- No caso de que existan gastos de persoal: nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social (documentos RLC e RNT) ou os que os substitúan regulamentariamente e documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en concepto de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

No caso de que a subvención outorgada teña por destino o pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de dietas, a entidade beneficiaria está obrigada á

retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou, no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor.

- Ademais do cumprimento dos aspectos formais da factura, no caso de actividades profesionais ou empresariais, arrendamentos, pago de premios ou pago de dietas suxeitas a retención no IRPF, cos límites e excepcións establecidos na Lei e normativa de desenvolvemento, no que a obrigada a reter é a propia entidade beneficiaria, para admitir o gasto como debidamente xustificado, a beneficiaria deberá presentar o modelo de xustificante de ingreso na AEAT, coa explicación e detalle correspondente no caso do que o citado xustificante ou modelo inclúa o bruto de varias retencións. Isto é:
 - Modelo 111 e modelo 190 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a profesionais suxeitos ao IRPF
 - Modelo 115 e modelo 180 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas ao arrendador/a se é persoa física suxeita ao IRPF
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS debe solicitar a beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no caso de abastecemento de bens de equipo ou prestación de servizos.
- Certificado da Secretaría da entidade, co Vº e prace da Presidencia, no que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da Entidade, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta.
- Informe da empresa auditora nos termos da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Naqueles casos en que o beneficiario estea obrigado a auditar as súas contas anuais por un auditor sometido á Lei 19/1988, do 12 de xullo, de Auditoría de Contas, a revisión da conta xustificativa levarase a cabo polo mesmo auditor.

No suposto en que o beneficiario non estea obrigado a auditar as súas contas anuais, a designación do auditor de contas será realizada pola FUCC, debendo dar conta da súa contratación ao Concello.

A FUCC deberá dar conta da designación da empresa auditora ao Concello, e a empresa auditora deberá cumprir os requisitos indicados no artigo 74 do Real Decreto 887/2006, así como a Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, anteriormente indicada, con suxeición ás normas de actuación e supervisión que, no seu caso, propoña a Intervención municipal, como órgano que ten atribuídas as competencias de control financeiro de subvencións.

Esta auditoría interna será compatible con aquela que poida contratar directamente o propio Concello, así como as actuacións de control financeiro que se poidan levar a cabo pola Intervención municipal e o resto de órganos competentes en censura de contas.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a entidade beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

- Ambas as partes, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e pola demais normativa vixente en materia de protección de datos persoais, acordan, a efectos da verificación da correcta xustificación



Concello da Coruña

das actuacións realizadas, autorizar o acceso e tratamento por parte do Concello da Coruña (encargado do tratamento) aos datos de carácter persoal, cuxo responsable en último termo é a FUCC (responsable do tratamento).

UNDÉCIMA.- Información e Publicidade

O nome e anagrama do Concello da Coruña figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. A tal fin e respecto aos diplomas, cartelería, dípticos, trípticos, flyers ou elementos publicitarios análogos deberán presentar un exemplar do modelo utilizado xunto á conta xustificativa, co fin de comprobar que se inclúen os logos deste concello.

A imaxe corporativa a incorporar está recollida no manual vixente que pode descargarse na seguinte dirección: <https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>

Ao mesmo tempo, en todas as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan pola FUCC, dirixidas tanto ao público en xeral como ás persoas participantes no proxecto, deberán indicar claramente a participación do Concello no financiamento das mesmas.

De conformidade co artigo 20 da LXS e o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello da Coruña <https://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>

Por este motivo, a entidade beneficiaria da subvención queda suxeita ao mesmo tempo a subministrar de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello da Coruña cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

DUODÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e o Concello da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA.- Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión paritaria para o seguimento das accións derivadas deste convenio. Esta comisión poderá reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, deberá reunirse, polo menos unha vez, antes do 30 de novembro, para o seguimento e vixilancia da correcta execución do presente convenio

DÉCIMO CUARTA.- Reintegro

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 36 e seguintes da LXS e no artigo 91 e seguintes do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, dando, en todo caso, audiencia á persoa interesada.

Procederá, en particular, o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

1. A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.
2. Incumprimento do deber de adoptar as medidas de publicidade da actividade subvencionada.
3. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeira previstas nos artigos 14 e 15 da LXS.
4. Calquera outra causa que expresamente constituía infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión de acordo co establecido na LXS e normativa de desenvolvemento.
5. En caso de xustificar fóra do prazo previsto, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da LXS.
6. En caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público, nacional, da Unión Europea ou de organismo internacional, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
7. Nos demais supostos previstos na Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar.

DÉCIMO QUINTA.- Infraccións e sancións

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na LXS e a súa normativa de desenvolvemento.

Poderanse impoñer as sancións tipificadas nos artigos 59 ao 63 da LXS, axustándose ao procedemento sancionador previsto na devandita Lei, sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a aprobación do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- Causas de Resolución do Convenio

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Así mesmo, será causa de resolución do presente convenio a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas, previo aviso comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

DÉCIMO SÉPTIMA.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas cláusulas do mesmo ou, na súa falta, polo establecido na normativa xeral.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.



Concello da Coruña

As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, en exemplar duplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

A Coruña, en data da sinatura dixital deste documento

A Coruña,

Alcaldesa da Coruña

Presidente da Federación Unión de Comercios
Coruñesa

Inés Rey García

José Luís Boado López